

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 11 DE MARZO DE 2024**

### **1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.** Referencia: **2024/00012131X.**

[Aprobación de actas de sesións anteriores. ]

Apróbanse as actas correspondentes das sesións da Xunta de Goberno Local: extraordinaria e urxente do 29 de febreiro e da ordinaria do 4 de marzo.

### **2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2024/00012291D.**

[Autorizar e dispoñer o gasto da anualidade 2024 correspondente á chegada do Concello de Santiago ao Consorcio por importe de 1.406.216,74 euros. ]

Acórdase autorizar e dispoñer o gasto anual correspondente á chegada do Consorcio da Cidade de Santiago por importe de 1.406.216,74 euros na aplicación 030 94300 46700.

### **3. SERVIZOS BÁSICOS.** Referencia: **2024/00000312J.**

[Revisión Tarifas 2024 Recinto ferial Amio

Acórdase aprobar as tarifas do mercado de Amio consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos que supón unha suba do IPC dun 3,2% con respecto ás tarifas vixentes aprobadas o 30 de outubro de 2023, cunha posterior corrección de 27 de novembro seguinte.

As tarifas fraccionadas de rotación son as que figuran no anexo que se relaciona de seguido: ]

CONCEPTO	TARIFAS VIXENTES (2023)		TARIFAS PROPOSTAS (2024)	
	REVISADA	EXACTA	REVISADA	EXACTA
<b><u>ENTRADA GANDO</u></b>				
Vacún pequeno	2,17076	2,17	2,24022	2,24
Vacún mediano	3,72281	3,72	3,84194	3,84
Vacún grande	4,43469	4,43	4,57660	4,58
Ovino / caprino	0,96020	0,96	0,99093	0,99
Porcino	0,96020	0,96	0,99093	0,99
Equino	2,97691	2,98	3,07217	3,07
<b><u>XAULAS E AMARRES</u></b>				
Amarres m/lineal	1,67089	1,67	1,72436	1,72
Xaulas recría 4 m <sup>2</sup>	3,34177	3,34	3,44870	3,45
Xaulas abasto	7,13924	7,14	7,36770	7,37
Xaulas recría 3 m <sup>2</sup>	2,52152	2,52	2,60221	2,60
<b><u>ESTANCIAS EN MERCADO</u></b>				
Vacún pequeno (L-V)	6,76044	6,76	6,97677	6,98
Vacún pequeno (S-D-Fest.)	74,36484	74,36	76,74451	76,74
Vacún mediano/grande (L-V)	15,22226	15,22	15,70937	15,71
Vacún mediano/grande (S-D-F)	82,82666	82,83	85,47711	85,48
Vacún e equino / día	4,99076	4,99	5,15047	5,15
Ovino e porcino / día	2,94192	2,94	3,03606	3,04
<b><u>ELIMINACIÓN CADÁVERES</u></b>				
Vacún menor, ovino, caprino e porcino	14,04352	15,00	14,49291	14,49
Vacún mediano, maior e equino	23,55617	25,16	24,30997	24,31
<b><u>ENCAMADO</u></b>				
Camión ou remolque ≥4 t	12,15190	12,15	12,54076	12,54
Camión ou remolque <4 t	9,11392	9,11	9,40557	9,41
Outros vehículos	4,10127	4,10	4,23251	4,23
<b><u>LAVADO</u></b>				
Camión 2 pisos	18,90567	18,91	19,51065	19,51
Cam. 2 ps + remolque 1 ps	25,09001	25,09	25,89289	25,89
Cam. 2 ps + remolque 2 ps	33,95967	33,96	35,04638	35,05
Camión ≥ 4 t	14,90210	14,90	15,37897	15,38
Camión <4 t e outros	12,01336	12,01	12,39778	12,40
<b><u>APARCAM. E DESINFECCIÓN</u></b>				
Turismo	2,07218	2,07	2,13849	2,14
Camión ≥ 4t	9,00668	9,01	9,29489	9,29
Camión < 4t e outros	7,37813	7,38	7,61423	7,61
<b><u>OUTROS SERVIZOS</u></b>				
Fardo de palla	6,07594	6,08	6,27037	6,27
Pesaxe de res	1,00253	1,00	1,03462	1,03
Entrada c. Desinfectado	4,17721	4,18	4,31088	4,31

**4. SERVIZOS SOCIAIS.** Referencia: **2024/00010265F.**

Iniciación do procedemento, aprobación das bases da convocatoria para a concesión de axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do Concello de Santiago de Compostela. ano 2024.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases da convocatoria das axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do concello de Santiago de Compostela e a súa convocatoria para o ano 2024, que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto polo importe destinado a esta convocatoria, que é de 15.000 €, e irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/24.

**5. EDUCACIÓN.** Referencia: **2024/00010923K.**

Aprobación da memoria programática e económica do programa de Intercambios escolares do Eixo Atlántico ano 2024.

Acórdase:

1. Aprobar a memoria programática e económica (13.737,13 euros) do programa de Intercambios escolares “Vivir nos municipios do Eixo Atlántico” co seguinte calendario de realización: Santa María da Feira en Santiago, 19 e 20 de marzo de 2024 e Santiago de Compostela en Santa María da Feira, 10 e 11 de abril de 2024.

2. O importe do gasto do programa de Intercambios Escolares do Eixo Atlántico irá con cargo á aplicación orzamentaria 080 32600 2269900 dos orzamentos do 2022 prorrogados ao 2024.

**6. DEPORTES.** Referencia: **DEP 4/2024.**

Tomar coñecemento da sinatura do protocolo de colaboración entre o entre o Concello de Santiago e o Cluster Galego da Industria do Deporte e o Benestar de Galicia para a adhesión ao movemento dous millóns.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do protocolo de colaboración entre o entre o Concello de Santiago e o Cluster Galego da Industria do Deporte e o Benestar de Galicia para a adhesión ao movemento dous millóns.

**7. ARQUEOLOXÍA.** Referencia: **2023/00012635N.**

Aprobación do Proxecto de acondicionamento de inmobile para CIRVI (fase01) - documento corrixido de data 24 de outubro de 2023- para tramitación da solicitude de subvención á Deputación da Coruña para o seu financiamento

Acórdase aprobar o proxecto de acondicionamento do inmobile situado no lugar de Feáns, número 14, Vilvestro, para Centro de Interpretación Rupestre de Vilvestro (CIRVI) (Fase 01), documento corrixido e asinado por Leticia Fraga Domínguez en data 24 de outubro de 2023 (doc asinado dixitalmente), coas seguintes premisas e condicións:

**ORZAMENTO**

O.E.M. (Orzamento de Execución Material)	163.398,88 €
O.B.L. (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)	186.658,83 €
O.B.L. (IVE engadido)	225.857,18 €

O prazo de execución previsto é de 6 meses.

#### TITULARIDADE DOS TERREOS

A totalidade dos terreos son de titularidade pública

#### LICENZAS E AUTORIZACIÓNS

Ao tratarse dun proxecto de obras ordinarias públicas municipal, o proxecto non necesita licenza urbanística para a súa execución, entendéndose autorizado polo acordo de aprobación do proxecto (art. 167 LSG e 365 RLSG). Por outra banda, no que se refire a autorizacións de carácter sectorial, o proxecto xa foi autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en data 2 de maio de 2023

#### FINANCIAMENTO DO PROXECTO

O concello de Santiago de Compostela solicitou subvención nominativa da Deputación da Coruña para a execución das obras proxectadas para a Fase I, cun importe total de de 230.876,55 € (IVE incluído). A solicitude do financiamento do 100% do investimento previsto fundaméntase no interese público da futura instalación para a provincia e, especialmente, no seu carácter supramunicipal: o Plan director do Parque arqueolóxico Compostela Rupestre, promovido e contratado pola Deputación Provincial da Coruña, dota ó futuro Centro de interpretación de Vilvestro dun importante papel como eixo vertebrador estratéxico dun proxecto -Compostela rupestre- definido polo seu carácter supramunicipal.

O concello de Santiago non dispón doutras fontes de financiamento para a execución do proxecto, non ten sido beneficiaria de subvencións para a execución do proxecto nin se ten solicitado axuda o subvención para dita finalidade.

#### 8. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: **2023/00048438G**.

Aprobación conxunta da concesión e xustificación dos premios do Concurso de decoración de Nadal veciñal do Concello de Santiago de Compostela 2023/2024

Acórdase a aprobación conxunta da concesión e xustificación dos premios do Concurso de decoración de Nadal veciñal 2023 por un importe total de 2.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 070 33404 4890100/2024 segundo os seguintes premios:

- 1º Premio de 500 € a Juana María Rodríguez Salvado
- 2º Premio de 500 € a Ana María Cepeda González
- 3º Premio de 500 € a Juan Manuel Lago Sambad
- 4º Premio de 500 € a María Ángeles Caulonga Fernández

#### 9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2024/00012299V**.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 86/2020 CA1 sobre denegación de axudas sociais.

Sentenza nº 076/2023

PA 086/2020 CA1

Obxecto: denegación axudas sociais.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

#### 10. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: **2023/00028428G**.

Tomar coñecemento do auto recaído no PO 102/2023 CA 2 sobre impugnación de dilixencias de embargo

Resolución: Auto do 01.03.2024

Xulgado: XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO N. 2 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Procedemento: PROCEDIMENTO ORDINARIO 0000102 /2023

Obxecto: Impugnación dilixencias de embargo do 04.05.2021 e 11.07.2022  
(expediente 2017/2173)

Favorable aos intereses do Concello.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Tesourería (Sección de Recadación) aos efectos do seu coñecemento.

**11. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00012388Z.**

Tomar coñecemento do auto recaído no PO 217/2023 CA1 sobre Decreto núm. 2023/4402 da Concelleira Delegada de Urbanismo, de 30.03.2023, polo que se resolve estimar o recurso de reposición en relación á anulación, renuncia e extinción da licencia da discoteca do local sito na Rúa Perez Constanti, 4-Curros Enriquez |

resolución: Auto 17/2024, de 5 de febreiro, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PO 217/2023

Obxecto: Decreto núm. 2023/4402 da Concelleira Delegada de Urbanismo, de 30.03.2023, polo que se resolve estimar o recurso de reposición interposto contra o Decreto nº 2023/2204 de 17 de febreiro de 2023 da Concelleira delegada de Urbanismo e anular a renuncia e extinción da licenza de discoteca do local sito na rúa Perez Constanti, 4-Curros Enriquez, 3.

**SENTIDO DA RESOLUCIÓN**

O auto resolve a terminación do procedemento por satisfacción extra procesual das pretensións das demandantes.

**PROCEDENCIA OU NON DO RECURSO**

O auto é firme ao non terse recorrido por ningunha das partes (dilixencia de ordenación de 4.03.2024), polo que non procede interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Urbanismo-Licenzas para os efectos oportunos

**12. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00012131X.**

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas. |

Tómase coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas.

**URXENCIAS**

**13. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2024/00000304M.**

**Revisión Tarifas 2024 aparcadoiros do Hórreo, San Clemente e San Caetano.**

Acórdase aprobar as tarifas do aparcadoiro público dos aparcadoiros públicos do Hórreo, San Clemente e San Caetano consonte o informado pola inspectora técnica de servizos que supón unha suba do IPC dun 3,20% con respecto á última revisión de tarifas aprobada o 26 de decembro de 2023

**14. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2024/00009609H.**

**Revisión tarifas 2024 aparcadoiro Romero Donallo**

Acórdase aprobar as tarifas do aparcadoiro público de Romero Donallo consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos que supón unha suba do IPC dun 3,10% con respecto á última revisión de tarifas aprobada o 13 de novembro de 2023.

**15. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2024/00002041V.**

**Revisión tarifas 2024 aparcadoiro Choupana**

Acórdase aprobar as tarifas do aparcadoiro público da Choupana consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos que supón unha suba do IPC dun 3,1% con respecto á última revisión de tarifas aprobada o 6 de novembro de 2023.

**16. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2023/00014536G.**

**Corrección de erros do acordo de Xunta de Goberno de 26 de decembro de 2023 relativo a "Aprobación xustificación Convenio de colaboración entre a Unión de Cooperativas Espazo Coop e o Concello de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2023".**

Acórdase:

Único. Rectificar o erro existente no acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago do 26 de decembro de 2023 relativo á "Aprobación xustificación Convenio de colaboración entre a Unión de Cooperativas Espazo Coop e o Concello de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2023", de xeito que a parte resolutiva do acordo queda redactada do seguinte teor literal:

"Primeiro. Aprobar a xustificación e recoñecemento da obriga do convenio de colaboración asinado entre a: UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZO COOP e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2023. O gasto, por valor de 39.000.- €, irá con cargo á aplicación 010 43300 4890004 dos orzamentos municipais de 2023. Segundo. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

Terceiro. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890004 dos orzamentos municipais de 2023".

**17. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2023/00014527H.**

**Corrección de erros do acordo de Xunta de Goberno de 26 de decembro de 2023 relativo a "Aprobación da xustificación do Convenio coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2023".**

Acórdase:

Único. Rectificar o erro existente no acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago do 30 de decembro de 2023 relativo á "Aprobación da xustificación do Convenio coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela no marco do programa "Compostela Móvese 2023", de xeito que a parte resolutiva do acordo queda redactada do seguinte teor literal:

"Primeiro. Aprobar a xustificación e recoñecemento da obriga do convenio de colaboración asinado entre a CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2023. O gasto, por valor de 75.000 €, irá con cargo á aplicación 010 43300 4890002 dos orzamentos municipais de 2023.

Segundo. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

Terceiro. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para

tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890002 dos orzamentos municipais de 2023.”

**18. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2023/00014530K.  
Corrección de erros do acordo de Xunta de Goberno de 26 de decembro de 2023  
" Aprobación da xustificación do Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Empresarial do Tambre para o ano 2023".**

Acórdase:

Único. Rectificar o erro existente no acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago do 26 de decembro de 2023 relativo á "Aprobación da xustificación do Convenio de Colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Empresarial do Tambre para o ano 2023", de xeito que a parte resolutive do acordo queda redactada do seguinte teor literal:

“Primeiro. Aprobación da xustificación e recoñecemento da obriga do convenio de colaboración asinado entre a: ASOCIACIÓN ÁREA EMPRESARIAL DO TAMBRE e o Concello de Santiago de Compostela para o ano 2023. O gasto, por valor de 50.000 €, irá con cargo á aplicación 010 43300 4890001 dos orzamentos municipais de 2023.

Segundo. Notificar esta resolución ás persoas interesadas

Terceiro. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 010 43300 4890001 dos orzamentos municipais de 2023.

**19. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00012408B.  
Aprobación do nomeamento de representante municipal na Comisión de Escolarización. Curso 2024-2025.**

Acórdase aprobar o nomeamento da Concelleira de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica – Míriam Louzao Fernández- como representante municipal na Comisión de escolarización para o curso 2024-2025 e, como suplente á técnica de Educación con funcións de dirección - Beatriz Varela Morales.

**20. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00013031K.  
Resolución de alegacións e aprobación definitiva do expediente complementario do Proxecto de equidistribución do PERI-12. Antigo Colexio Manuel Peleteiro**

Acórdase aprobar definitivamente un expediente complementario do Proxecto de equidistribución do PERI-12 -aprobado pola Xunta de Goberno o 26.12.2006-.